

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 6 DE XUÑO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 13:10 horas do día 6 de xuño de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 2 de xuño, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D. David Regades Fernández
- Vocais:** D^a. Susana García Álvarez
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. Secundino Otero Faílde
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

4.- Apertura económica**a) Adxudicación da autorización municipal para a ocupación do dominio público, instalación e explotación por terceiros particulares de quioscos nas praias do concello de Vigo (12.376-306) (apertura sobre 3)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre 3 "proposición económica" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

Licitadores	Prezo (€)										
	Lote 1	Lote 2	Lote 3	Lote 4	Lote 5	Lote 6	Lote 7	Lote 8	Lote 9	Lote 10	Lote 11
D ^a . MARÍA FRANCISCO TOURINO			7528,00		18528,00			15028,00			
D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE				2.599,99		25.199,99	26.199,99				
ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L.		1.510,08		8.251,08		16.501,58	15.851,58		16.150,08		
D ^a . OBDULIA LASTRA FRANCISCO				9.155,00	15.550,00						
D. MANUEL LAGO CHAPELA											3.111,00



Asisten á apertura: D. Enrique Gómez Janeiro, con DNI 36.094.491-Q; D. Carlos Val González, con DNI 36.101.483-Q e D. Víctor Fernández Quinteiro, ambos en representación de Administración de Playas, S.L.; D^a. María del Carmen Longueira Quinteiros, con DNI 36.099.783-H, en representación de EVIGO; D^a: Estela Rial Abalde, con DNI 53.183.479-E, en representación de OLEAJE, CB; D^a. María Francisco Touriño, con DNI 34.868.454-V; D. Ricardo Carpintero Gil, con DNI 36.112.261-F, en representación de EVIGO; D. Alberto Lago Chapela, con DNI 39.461.165-L e D. Manuel Lago Chapela, con DNI 39-461.164-H

En base ao resultado da apertura, a Mesa acorda, por unanimidade:

1. En aplicación da cláusula novena do prego de cláusulas administrativas, outorgar as seguintes puntuacións:

Lote 2, quiosco do areal de Santa Baia (Alcabre)	
ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L.	100 puntos

Lote 3, quiosco do areal do Tombo do Gato	
D ^a . MARÍA FRANCISCO TOURIÑO	100 puntos

Lote 4, quiosco do areal do Tombo do Gato	
D ^a . OBDULIA LASTRA FRANCISCO	100 puntos
ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L.	90,13 puntos

Lote 5, quiosco do areal de Argazada	
D ^a . MARÍA FRANCISCO TOURIÑO	100 puntos
D ^a . OBDULIA LASTRA FRANCISCO	83,93 puntos

Lote 6, quiosco do areal de Samil	
D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE	100 puntos
ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L.	65,48 puntos

Lote 7, quiosco do areal de Samil	
D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE	100 puntos
ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L.	60,50 puntos



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Lote 8, quiosco do areal de Samil	
D ^a . MARÍA FRANCISCO TOURIÑO	100 puntos

Lote 9, quiosco situado no areal do Vao	
ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L.	100 puntos

Lote 11, quiosco do areal da Etea	
D. MANUEL LAGO CHAPELA	100 puntos

2. Excluir a D. Ricardo Santiago Daponte do lote 4 (quiosco do areal do Tombo do Gato sinalado co nº 4 nos planos do Anexo II do prego) por ofertar un canon por debaixo do canon mínimo esixido na cláusula cuarta do prego.

10.- Propostas de clasificación

a) Adxudicación da autorización municipal para a ocupación do dominio público, instalación e explotación por terceiros particulares de quioscos nas praias do concello de Vigo (12.376-306)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta dos seguintes acordos adoptados pola Mesa de Contratación:

- Sesión do 29 de maio de 2017: A Mesa acordou non admitir neste procedemento a D. XOSE MARÍA MIGUÉNS GONZALVES por non ter presentado no Sobre 1 o xustificante de ter depositado a garantía provisional (esixido na cláusula sexta -punto2- do prego de cláusulas administrativas particulares), nin tela depositado (achega no sobre A escrito onde fai constar “*actualmente non dispón da cantidade de 600€ para a realización do depósito da garantía provisional para a licitación do lote 1, encontrándose actualmente en trámites coa entidade Abanca para a obtención da cantidade indicada*”).
- Sesión do 2 de xuño de 2017: A Mesa acordou a exclusión de D. Ricardo Santiago Daponte para o lote 3 (areal do Tombo do Gato) por cualificarse como NON APTA a súa proposta “*por superar a superficie máxima construída de 20,00m²*”.
- Sesión do 6 de xuño de 2017: A Mesa acordou a exclusión de D. Ricardo Santiago Daponte do lote 4 (quiosco do areal do Tombo do Gato sinalado co nº 4 nos planos do Anexo II do prego) por ofertar un canon por debaixo do canon mínimo a aboar ao Concello esixido na cláusula cuarta do prego.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 03:45	Páxina 3 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AB4E-E6BD23-DE5285-2H34KG-SBU29Z-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- Clasificar, de acordo co criterio de adxudicación sinalado no prego, as proposicións admitidas neste procedemento para a **adxudicación da autorización municipal para a ocupación do dominio público, instalación e explotación por terceiros particulares de quioscos nas praias do concello de Vigo (12.376-306)** na seguinte orde descendente:

Lote 2, quiosco do areal de Santa Baia (Alcabre)	
ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L.	100 puntos

Lote 3, quiosco do areal do Tombo do Gato	
D ^a . MARÍA FRANCISCO TOURIÑO	100 puntos

Lote 4, quiosco do areal do Tombo do Gato	
D ^a . ABDULIA LASTRA FRANCISCO	100 puntos
ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L.	90,13 puntos

Lote 5, quiosco do areal de Argazada	
D ^a . MARÍA FRANCISCO TOURIÑO	100 puntos
D ^a . ABDULIA LASTRA FRANCISCO	83,93 puntos

Lote 6, quiosco do areal de Samil	
D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE	100 puntos
ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L.	65,48 puntos

Lote 7, quiosco do areal de Samil	
D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE	100 puntos
ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L.	60,50 puntos

Lote 8, quiosco do areal de Samil	
D ^a . MARÍA FRANCISCO TOURIÑO	100 puntos

Lote 9, quiosco situado no areal do Vao	
ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L.	100 puntos



Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO**Lote 11, quiosco do areal da Etea**

D. MANUEL LAGO CHAPELA	100 puntos
------------------------	------------

Terceiro.- Requirit aos licitadores clasificados en primeiro lugar, ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. (lotes 2 e 9), D^a. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO (lotes 3, 5 e 8), D^a. OBDULIA LASTRA FRANCISCO (lote 4), D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE (lotes 6 e 7) e D. MANUEL LAGO CHAPELA (lote 11), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida na cláusula quinta e décima do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula undécima do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirit aos citados licitadores o aboamento de 145,70 euros (13,25 euros por cada lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

13.- Proposta de declaración de procedementos desertos

a) Adxudicación da autorización municipal para a ocupación do dominio público, instalación e explotación por terceiros particulares de quioscos nas praias do concello de Vigo (12.376-306)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a adxudicación da autorización municipal para a ocupación do dominio público, instalación e explotación por terceiros particulares de quioscos nas praias do concello de Vigo (12.376-306)

ANTECEDENTES

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 03:45	Páxina 5 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AB4E-E6BD23-DE5285-2H34KG-SBU29Z-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Único.- A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 6 de xuño de 2017, á vista do resultado da apertura do sobre 2 *“Modelo de quiosco proposto”* que tivo lugar na sesión do 29 de maio de 2017 e do informe emitido polos arquitectos municipais do 30 de maio de 2017 de valoración do referido sobre, así como do resultado da apertura do sobre 3 *“Proposición económica”*, adoptou, por unanimidade, o seguinte acordo:

- *“Propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, que declare desertos os lotes 1 (quiosco do areal da Punta -A Guía- sinalado co no 1 nos planos do Anexo II) e 10 (quiosco do areal do Vao sinalado co nº 10 nos planos anexos ao prego) por non terse presentado ningunha proposición.*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Único.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición aos lotes 1 e 10, procede declarar desertos estes lotes.

Á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda do TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

- *Declarar desertos os lotes 1 (quiosco do areal da Punta -A Guía- sinalado co no 1 nos planos do Anexo II) e 10 (quiosco do areal do Vao sinalado co nº 10 nos planos anexos ao prego) por non terse presentado ningunha proposición.*

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 13:45 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 03:45	Páxina 6 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AB4E-E6BD23-DE5285-2H34KG-SBU29Z-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		